



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 14 DE NOVEMBRO DE 2024.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas e quince minutos do día catorce de novembro de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA
D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN
D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO
D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ

Non asisten D. Adán Formigo Sánchez e D^a. Silvia Rodríguez Ferro. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

TOMA DE POSESIÓN DE CONCELLEIRO.- O Sr. González Alarcón xura o cargo de Concelleiro da Corporación de Beade mediante a fórmula legalmente establecida.

1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 30 DE SETEMBRO DE 2024.- Sometida a votación a aprobación da Acta, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e DOUS (2) votos en contra, quedando aprobada A Acta da sesión do 30 de setembro de 2024.

2.- DAR CONTA DA RENUNCIA Á CESIÓN DE LOCAL PARA CASA DO MAIOR.- Pola Presidencia dase conta do escrito presentado por D^a. Elvira Formigo Raña con data 8 de outubro de 2024, no que renuncia a cesión realizada polo Pleno do concello do local da antiga escola de Beade, para a instalación dunha Casa do Maior.

Do que se dá conta ao Pleno para o seu coñecemento.

3.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL DA TAXA SOBRE RECOLLIDA DE LIXO.- A Presidencia propón aos membros do Pleno a seguinte proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola Comisión de Contas:

“ O Concello de Beade, na súa calidade de entidade pública local, para o cumprimento dos seus fins, conta cos recursos fiscais establecidos no art. 2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Tendo en conta as Ordenanzas Fiscais existentes no municipio, e concretamente a referida a servizo suxeto a taxa, procedeuse a realizar os oportunos estudos económicos para avaliar a idoneidade das tarifas cos custos dos servizos.

No referente a Taxa de recollida de lixo, a súa revisión data do ano 2013, data dende a que se produxo un aumento do IPC, asemade do aumento do custo do cánon a satisfacer a SOGAMA, empresa que xestiona a recollida dos residuos.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Por elo, e dado que a normativa establece que cada servizo xestionado por unha taxa debe de ser autofinanciado, e dicir, debe de cubrir o custo do servizo, propónse ao Pleno a adopción de acordo de modificación da Ordenanza Fiscal nos seguintes termos:

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.-

ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA.

1. A cota Tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto, aplicárase a seguinte Tarifa:

CONCEPTO IMPORTE ANUAL

Vivenda de carácter unifamiliar.....	70,00 €
Bares, cafeterías, carnicerías, tendas de alimentación, almacéns e locais industriais	95,00 €
3. As cotas sinaladas na Tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a 12 meses.	

Por elo, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal resinada cun texto se acompañe ao presente acordo.

2º.- Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do concello a Ordenanza Fiscal durante un período de 30 días hábiles, contados dende o día seguinte o da publicación do anuncio de exposición no BOP.

Durante o período de exposición pública, quen tivera un interese directo, nos termos previstos no art. 18 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, podrán examinar o expediente e presentar reclamacións que estimen oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen haberse presentado reclamacións, o acordo quedará elevado a definitivo.

3º.- Publicar no BOP o acordo definitivo, así como o texto íntegro da Ordenanza Fiscal."

Polos representantes do grupo municipal socialista maniféstase que trátase dunha irresponsabilidade o acordo a adoptar, polo que se ratifican no seu voto en contra emitido na Comisión de Contas.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía, obtense o seguinte resultado: TRES (3) votos a favor e DOUS (2) votos en contra, quedando aprobada a proposta e elevada a acordo.

Neste momento da sesión, polo Sr. Carreiro Estévez entrégase ao Sr. Secretario, previa lectura do mesmo, dun escrito para incluír na Acta da sesión, manifestando que non lle foron contestados os escritos presentados nin preguntas formuladas no Pleno anterior.

Acto seguido, os dous membros do grupo municipal socialista presentes, abandonan o Salón de Plenos.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

SR. SECRETARIO DEL AYUNTAMIENTO DE BEADE:

DESEARIA ADJUNTASE ESTE ESCRITO A LA ACTA DE ESTE PLENO COMO CONCEJAL MIEMBRO QUE SOY DEL PARTIDO DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA PSdeGA – PSOE EN ESTE AYUNTAMIENTO.

SR. ALCALDE :

MIRANDO LA CONVOCATORIA QUE UD. HACE DE ESTE PLENO EXTRAORDINARIO, ME VIENEN A LA CABEZA EPOCAS QUE YO ENTENDI PASADAS PUES PARECE QUE UD. SE EMPEÑA EN RECORDARME QUE TODAVIA HAY QUIEN QUIERE RETOMAR ACTUACIONES QUE CREO SOLO DESPRESTIGIAN ESTA INSTITUCION.

ENTIENDO QUE SEA USTED NOVEL EN LA POLITICA MUNICIPAL Y TAMBIEN ENTIENDO SU IGNORANCIA PARA CUANDO HABLO DE ANTAÑO EN DONDE SE SENTABA ,DONDE USTED LO HACE AHORA ,UN MAESTRO EN SALTARSE A LA TORERA TODO LO CONCERNIENTE A LA LEGALIDAD Y APLICABA LA DICTABLANDA DE QUIEN NO PODIA EJERCER LA DICTADURA.

NO SE POR QUÉ ME DA QUE ESTÁ USTED MUY MAL ASESORADO O POR EL CONTRARIO TODO ESTO ES OBRA Y GRACIA DE SU RÁPIDA Y SÚBITA SAPIENCIA EN ESTAS LIDES, LO CUAL PONGO EN DUDA.

LE RECUERDO QUE EN SU DIA OPTÉ POR NO RENOVAR LA CABEZA DE LISTA DEL PSOE POR ENTENDER QUE DURANTE AÑOS LUCHÉ DESDE ESTE MI ASIENTO DE CONCEJAL POR UN BEADE LIBRE DE FRANQUISMOS Y DICTADURAS.

FINADO EL SR. SENEN POUSA SOTO ,AL QUE DIOS LO TENGA EN SU SENO, MI LABOR COMO CONCEJAL CADUCABA CON SU AUSENCIA PUES UNA NUEVA ETAPA DEMOCRATICA Y AJUSTADA A DERECHO SE CERNIA SOBRE NOSOTROS. DEJAR PASO A PERSONAS DEL PUEBLO ,EN ESTE CASO MATEO, PARA QUE INICIASE UNA ÉPOCA LEJOS DE LAS MALAS ARTES, ERA UNA ILUSION QUE ME AYUDABA A SEGUIR CREYENDO EN LA POLÍTICA MUNICIPAL.

PERO PARECE QUE EL DESTINO ES CAPRICHOOSO Y MATEO POR RAZONES DE TRABAJO TUVO QUE MARCHARSE DE BEADE PARA EMPEZAR UN FUTURO QUE LE AUGURO PROMETEDOR, POR LO QUE SIENDO YO EL NUMERO 3 DE LA LISTA QUIEN OCUPE SU LUGAR DEBO DE EJERCER DE NUEVO COMO CONCEJAL; PERO YA CON OTRAS PERSPECTIVAS Y VIENDO A LOS JÓVENES INTENTAR LEVANTAR ESTE PUEBLO, COSA NADA SENCILLA E INTENTAR APORTAR UN POCO DE EXPERIENCIA,

PUES YA FINALIZANDO SÓLO COMENTARLE QUE NADA MÁS HAY DOS FORMAS DE GUIAR UN AYUNTAMIENTO. UNA LA CUAL CONOZCO MUY BIEN Y ESPERO QUE USTED NO SE DEJE ACONSEJAR POR ELLA PUES DURANTE MÁS DE 40 AÑOS EL



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

DECLIVE FUE PATENTE Y AUNQUE HUBIESE PERSONAS QUE DIJESEN QUE SI GANABA SENEN LAS ELECCIONES ERA PORQUE LO HACÍA BIEN, ESA FRASE DESDE EL MINUTO UNO HASTA HACE UN PAR DE AÑOS NUNCA DEJÓ DE SER UNA FALACIA Y EL QUE LO DIJO LO SABÍA MUY BIEN. EL RESULTADO SALTA A LA VISTA.

LA OTRA ES INTENTAR SER UN ALCALDE DE TODOS LOS VECINOS, SER JUSTO Y NO DEJARSE LLEVAR POR CANTOS DE SIRENA QUE SÓLO LE LLEVARÁN A LUGARES POCO RECOMENDABLES. CUMPLIR CON LA PALABRA DADA EN LAS SESIONES PLENARIAS Y POR LO TANTO NO SER HIPÓCRITA.

POR LO QUE HOY EL GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Y LLEGANDO AL PUNTO DEL ORDEN DEL DIA NUMERO 4 QUE SON LOS PRESUPUESTOS PARA EL AÑO 2025, SE LEVANTA Y AUSENTE DEL SALÓN DE PLENOS COMO MUESTRA DE SU MALESTAR POR LAS FORMAS CON QUE ESTE PLENO EXTRAORDINARIO FUE CONVOCADO POR FERNANDO TABOADA, ALCALDE DE BEADE.

TENGO FE EN QUE SEPA USTED SI NO SEGUIR MIS RECOMENDACIONES LO CUAL SERIA MUCHO PEDIR, SI LO HAGA SEGUIDO POR SU CONCIENCIA.

Y PARA QUE ASÍ CONSTE EN:

BEADE A 14 DE NOVIEMBRE DEL AÑO 2024

FDO. MIGUEL ANGEL CARREIRO ESTEVEZ

4.- ORZAMENTO MUNICIPAL 2025.- O Sr. Alcalde manifesta, acto seguido, que segundo consta na convocatoria debe procederse o exáme e aprobación, no seu caso, do Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2025 cuxa estrutura acomódase a normativa vixente en materia de Réxime Local, e o seu desenrolo adáptase as prescricións que sinala o artigo 164 e concordantes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo e R.D. 500/90, do 20 de abril. Encóntanse sobre a mesa os documentos esixidos polo artigo 165 do referido R.D.L. e disposicións complementarias, así como o Ditame da Comisión Especial de Contas, emitido en senso favorable.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Dáse conta dos capítulos que compoñen o Orzamento Municipal, de xeito pormenorizado, propoñéndose pola Presidencia a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2025, cuxa contía queda fixada, tanto en Gastos como en Ingresos, nun total de NOVECIENTOS SETENTA E OITO MIL CINCOCENTOS EUROS (978.500,00 €), asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS:

1.- Gastos de persoal.....	207.300,00 eur.
2.- Gastos correntes en bens e servizos	143.700,00 eur.
3.- Gastos financeiros	1.000,00 eur.
4.- Transferencia correntes	73.000,00 eur.
6.- Inversións reais.....	553.500,00 eur.
TOTAL ESTADO DE GASTOS.....	978.500,00 eur.

ESTADO DE INGRESOS:

1.- Impostos directos.....	165.500,00 eur.
2.- Impostos indirectos	10.000,00 eur.
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	85.600,00 eur.
4.- Transferencias correntes.....	203.000,00 eur.
7.- Transferencias de capital	511.500,00 eur.
TOTAL ESTADO DE INGRESOS.....	978.500,00 eur.

Resultando, polo tanto, que o Presuposto aprobado non presenta déficit inicial, co que se cumpre o requisito establecido polo artigo 165.4 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Ditaminar favorablemente as Bases de Execución do devandito Presuposto, redactadas na forma que dispón o artigo 165 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, así como a plantilla de persoal da Corporación, elaborada segundo as disposicións legais.

Os membros do Pleno, por UANIMIDADE, aproban a proposta Alcaldía, quedando elevada a acordo.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás doce horas e trinta minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo: Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo: Pablo Fernández Loureiro.